

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

(Rede Museística da Deputación de Lugo)



PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES CURSO 2018 / 2019

A Rede Museística Provincial, dependente da área de Cultura da Deputación de Lugo, a través dos departamentos de didáctica dos catro museos que a integran (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor) pon a disposición dos centros escolares a súa nova programación para o curso escolar 2018 / 2019 coa idea de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos.

Coa nosa longa experiencia e o apoio de numerosos docentes que participaron nestas actividades en precedentes cursos procuramos tender pontes de colaboración entre diferentes espazos educativos, presentando actividades lúdicas pero rigorosas con contidos que entroncan coas programacións escolares.

Para concertar a realización de calquera das actividades que presentamos deberase contactar co Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo.

ACTIVIDADES ESCOLARES: OUTUBRO-DECEMBRO, CURSO 2018-2019

»Crea o teu propio museo

Idades: Desde E. Primario ata BAC.

Duración da actividade: Dúas xornadas, unha para a parte teórica e outra para a parte práctica.

Obxectivo: Que os participantes nesta actividade valoren a importancia que ten un museo, entendan o funcionamento e os riscos que este pode ter, metodoloxía de traballo, así como unha concienciación dentro da nova museoloxía ou museoloxía social.

Descrición da actividade: Constará de dúas partes, unha teórica e outra práctica.

Na parte teórica darase a entender o funcionamento interno do museo, a importancia das obras que alberga e os riscos aos que se enfronta (lume, roubo, etc.). Dentro do funcionamento interno, veranse os diferentes departamentos así como a labor que desenvolven. Explicar como chegan as obras a un museo e o método de adquisición (depósito, doazón, compra). Farase énfase na seguridade e explicaranse os plans respecto a isto. Introducción dos conceptos básicos da museoloxía social. Todo isto levarase con rigor pero dunha forma desenfadada, adaptándose ás idades e ás capacidades de cada quen.

Na parte práctica, os asistentes elaborarán o seu propio museo, partindo da temática dos seus contidos. Realizarase un plano sobre o papel en canto a localización das obras, distribución de salas, accesibilidade e medidas de seguridade. Unha vez rematado o plano sobre o papel, coa utilización de caixas de cartón, érguese o seu propio museo.

Resultado final: Elaboración a xeito de maqueta dun museo co que eles se identifiquen. Trátase de que o alumnado sexa consciente do que implica un museo en canto á preservación do patrimonio para as xeracións vindeiras; así como o seu labor social e de servizo público para toda a sociedade.

Materiais: Caixas de cartón, folios, lapis e lapis de cores.

»Muller na Arte, Arte na Muller

Idades: Desde E. Infantil ata BAC.

Duración: de 45' a 60'

Limiar: Esta proposta didáctica parte da necesidade de impulsar a asociación dos museos e as institucións educativas para crear estratexias que permitan superar as desigualdades de xénero mediante un achegamento crítico á historia e teorías da arte.

A proposta materialízase nun itinerario integrado por distintas pezas que actualmente se exhiben na colección do Museo Provincial de Lugo. Este responde á necesidade de dar unha maior visibilidade ao traballo das mulleres e a súa participación tanto na vida material como significativa ao longo da historia.

Obxectivos: O obxectivo fundamental da proposta é achegar a presenza das mulleres na elaboración de materiais artísticos e destacar a súa significación nas representacións da arte e dos obxectos cotiás, dende unha perspectiva feminista, ao público en xeral e ás persoas mozas que se atopan en período de formación en particular.

Dende a Rede Museística pártese da idea de que a actividade artística é un motor de coñecemento, comunicación, expresión e transformación polo que a través desta actividade ábrese novas vías de reflexión baseadas na participación activa, no cuestionamento crítico da historia e as teorías do arte, a inclusión da perspectiva de xénero e os principios co-educativos.

No tocante aos obxectivos específicos, tratarase de:

- Analizar as obras desde unha perspectiva feminista.
- Descubrir a existencia de mulleres artistas.
- Relacionar as creacións artísticas coa experiencia persoal das creadoras e dos contextos históricos.
- Fomentar o pensamento crítico.
- Promover a igualdade de dereitos e oportunidades.
- Reforzar os principios de empatía e comprensión dos outrxs, de outras sensibilidades e identidades.

- As mulleres artistas: achegamento á súa biografía e o seu proceso creador.

Descrición da actividade: A orde que se segue para a estruturación do percorrido é o espacial do propio museo, comezando na cociña tradicional e rematando na primeira planta. A elección das pezas ou os espazos intenta recoller a diversidade do propio Museo Provincial de Lugo. As obras ou espazos recollidos son os seguintes:

1. Cociña (sala 2): lugar tradicionalmente estereotipado que no caso do MPL foi lugar de traballo dos frades franciscanos.
2. Arte Sacra (sala 5): tentárase deslexitimar a concepción da muller como suxeito artístico relixioso.
3. A muller na Prehistoria (sala 9): posta en valor da muller neste período histórico como axente importante da revolución neolítica.
4. Sala de Sargadelos (sala 19): a asociación da cerámica popular co doméstico e polo tanto coas mulleres, división prexuízosa e carente de sentido
5. Maruja Mallo (sala 13): unha muller única que foi parte activa dunha das mellores xeracións culturais do país.
6. Julia Minguillón (sala 16): posta en valor da primeira muller en acadar unha medalla de ouro na Exposición Nacional de Belas Artes de 1941.

Como apoio visual, sería recomendable empregar adhesivos triangulares de cor violeta co fin de destacar aquelas pezas cuxo valor artístico e histórico poñan en valor o traballo da muller artista.

Metodoloxía: Dado que non se trata dunha actividade concretada para un público específico, o persoal do museo acompañará a visita ao longo dos 6 espazos aportando os coñecementos e reflexións precisas para imaxinar a realidade da muller como artista e como personaxe principal da historia. Ao rematar sería conveniente realizar unha mesa redonda ou un coloquio para pór en común o observado e escoitar as opinións críticas dos visitantes.

»Ruta franciscana. Os franciscanos no museo

Idades: Desde E. Infantil ata 1º ciclo de E. Primario.

Duración da actividade: De 45' a 60'

Limiar: O Museo Provincial de Lugo aséntase no espazo que outrora ocupou o antigo convento de San Francisco do cal se conservan actualmente, integrados no conxunto do museo, o claustro, o refectorio e a cociña. Estes espazos funcionan como salas expositivas e, dende a perspectiva do espectador actual, custa visualizar como sería a vida da comunidade de frades que os habitou.

Como vivían os franciscanos do convento de Lugo? Cal era o seu día a día? Para que servían as distintas dependencias que tiñan no convento?

Nesta actividade tentárase dar resposta a estas cuestións de xeito lúdico e interactivo, ao tempo que os nenos e nenas poderán visualizar as coleccións do museo que se expoñen nos espazos que se percorreren durante a visita.

Obxectivos:

- Achegar ao alumnado á historia do Museo Provincial de Lugo, facéndoos partícipes da mesma a través dun percorrido interactivo polas estancias que pertenceron ó antigo convento franciscano: claustro, refectorio e cociña.
- Concienciar ao alumnado sobre o valor patrimonial tanto das coleccións expostas nestas salas como do propio edificio.

- Viaxaremos no tempo para converternos en “frades por un día”, coñecendo unha parte da historia do museo que non se contempla a primeira vista.

Metodoloxía: A actividade consistirá en vestir aos nenos e nenas de frades, con bolsas de lixo cinguidas á cintura co cordón franciscano de tres nós. Deste xeito, comezarán o percorrido polas dependencias que pertenceron ao antigo convento, comezando polo claustro. Percorrerán esta estancia en recollemento, emulando a comunidade de frades, mentres que xogan a identificar mediante debuxos algúns dos obxectos alí expostos. Ademais, terán que buscar o único capitel do claustro no que se representan as cabezas duns frades.

Dende o claustro pasarán á cociña, onde terán a oportunidade de aprender mediante xogos e adiviñas para que servían os distintos útiles que alí se expoñen. Neste punto da visita os nenos e nenas converteranse en “cociñeiros de relatos”, escribindo un breve conto ou facendo un debuxo de como imaxinan que sería a vida e o labor dos frades no convento.

A continuación pasarase ao refectorio, onde se colocará unha mesa. Cada un dos nenos subirá ao ledoiro, como facía o frade lector durante as comidas, para ler o seu relato ou mostrar e explicar o contido do seu debuxo.

A visita pode rematar no exterior, no xardín, evocando o espazo de hortas e cultivos que terían os frades, ou ben na zona da cúpula, na estatua de *San Francisco* de Asorey.

Materiais: Bolsas de lixo marróns, cordóns, papel e lapis.

»Vivir a Prehistoria (Programa sobre a sección de Arqueoloxía do MPLugo)

Limiar: O Museo Provincial de Lugo conta cunha ampla colección que transmite relatos e coñecemento das máis antigas culturas da humanidade durante o período que chamamos, de xeito xeral, Prehistoria: Paleolítico, Neolítico, Calcolítico, Idade do Bronce, Idade do Ferro, Cultura Castrexa e Romanización. A través das pezas podemos ver como vivían, que comían e vestían. Ímonos poñer na pel deste homes e mulleres para pintar en covas e noutros materiais que temos ao noso arredor. E, como nunha máquina do tempo, imos volver ao presente e ser arqueólogos, e descubrir obxectos e adiviñar que nos contan.

Con este programa de actividades tamén se tratarán de forma transversal a igualdade de xénero, a accesibilidade e o sostemento ecolóxico.

Obxectivos:

Dar a coñecer a Prehistoria e as culturas máis antigas da humanidade a través das pezas da sección de Arqueoloxía do Museo Provincial de Lugo como unha experiencia vivencial, educativa e de xogo.

Promover valores ecolóxicos, de respecto e colaboración entre todxs, necesarios para levara termo a actividade.

Nivel educativo: E. Infantil. Pode ser adaptada a outras idades.

Descrición das actividades

1.-Vivamos como...

Coa axuda das ilustracións coas que conta o Museo Provincial imos identificando as pezas co seu uso.

A finalidade é distinguir as diferentes etapas da Prehistoria segundo o material que utilizaban (pedra, metal, arxila) e recoñecer os cambios máis importantes en cada etapa (a agricultura, a gandería, a fundición de metais, as invasións).

Materiais necesarios: Láminas ilustradas.

Duración: 45'

2.-Somos artistas cavernícolas

Imos entrar nunha cova e converternos en... cavernícolas! Agora, iso si, seremos cavernícolas artistas.

A humanidade utilizou as paredes das covas, as pedras, axudouse de follas, das mans, da terra para pintar a súa realidade: os animais, a caza, o bosque, peixes. E se nós vivíssemos nunha cova, que pintariamos agora?

Materiais

- Forrar o cuarto que será a nosa cova.
- Bolsas negras do lixo para facer o traxe de cavernícola.
- Ceras, pinturas de dedos, lapis.
- Follas de árbores, pedras.
- Un proxector para as imaxes da Arte Prehistórica.

Duración: 60'

3.-Safari arqueolóxico

Gústavos atopar tesouros? Pois quen traballa en Arqueoloxía está sempre buscando e descubrindo obxectos preciosos. Ás veces están á vista, outras veces non e hai que escavar no profundo da terra.

Na primeira parte desta actividade imos ver que pezas adoitan buscar xs arqueólogos visitando a sección de Prehistoria do Museo Provincial de Lugo.

Despois coñeceremos como é unha escavación arqueolóxica e iremos á procura dos nosos tesouros.

Materiais:

- Reproducións dalgunhas das pezas de arqueoloxía en papel plastificado.
- Area ou papel de trituradora para agochar as pezas.
- Caixas grandes que serán o noso xacemento.
- Un póster co corte transversal dunha escavación.

Duración: 90'

»Coñece o teu museo

Metodoloxía: Visita guiada adaptada ao nivel do alumnado que comprende as partes históricas do edificio (refectorio, cociña e claustro) e as coleccións que albergan estas salas. Visitamos a sala de Ourivería Prerromana e Romana, a sección de Prehistoria e Arqueoloxía e a sala de Mosaicos Romanos.

Nivel educativo: E. Primaria, ESO e BAC.

Temporización: de 50 a 60 minutos

ACTIVIDADES ESCOLARES: CURSO 2018-2019

»Rutas literarias

Metodoloxía: Hai catro rutas: a de Minos, a do Astrágalo, a do Paxaro e a do Carneiro Alado. Cada unha das rutas está baseada nun relato do libro: "Contos de fantasmas no museo". Conta cunha folla de ruta que o alumnado debe completar xa no museo. Logo comprobamos os resultados de cada unha das catro expedicións.

Nivel educativo: 1º a 4º de ESO e BAC.

Recursos materiais: libro e follas de ruta.

Temporización: de 70 a 80 minutos.

Libro: *Contos de fantasmas no museo* ([PDF para ler/descargar](#))

Autoría dos textos: Leticia Costas, Anxo Fariña, Andrea Maceiras e Carlos Negro.

Ilustracións: Noemí López.

ACTIVIDADES ESCOLARES ESPECIAIS

EXPOSICIÓN: MANUEL JORGE. PINTAR GALICIA NO MEDITERRÁNEO, 1958-2017

Sala de Exposicións do MPLugo (do 13 de setembro ao 11 de novembro de 2018)

Actividades didácticas

Datas: xoves do mes de outubro

Quendas: de 10:30 a 12:00 e de 12.00 a 13:30h.

Máximo 25 persoas por grupo. Inclúe visita guiada á exposición.

Concertación: Departamento de Didáctica do MPLugo

Tfno. 982 242 300 / 982 242 112

»Abstraccións fotográficas

Afondaremos na obra abstracta de Manuel Jorge propoñendo ao alumnado que compoña as súas propias abstraccións visuais dentro do museo. Por grupos realizarán fotografías cos móbiles dentro do Museo buscando as texturas, ángulos e disposicións de elementos que lles inspiren unha imaxe abstracta. Cada grupo terá que debater e escoller a foto que presentará ós demais. As fotografías escollidas imprimiranse para compoñer un mosaico que pasará a integrar o espazo expositivo.

Nivel educativo: E. Secundario.

»A viaxe do artista

Unha viaxe didáctica na que o alumnado terá que completar unha ruta visual e física atopando semellanzas e inspiracións nos cadros de Manuel Jorge que os vinculen con algunha época, movemento ou estilo da arte moderna do século XX. Empregarán obras de referencia da historia da arte, destacando en que museo se atopan para enlazar coa propia experiencia de Manuel Jorge, quen visitou os museos máis importantes do mundo xunto coa súa muller, a tamén pintora Christina Snellman. expositivo.

Nivel educativo: E. Secundario.

»Paisaxes de Manuel Jorge

Neste obradoiro proporemos ao alumnado liberar a mirada ante a paisaxe. Tomando como referencia as paisaxes que Manuel Jorge pintou do Mediterráneo e de Nova York, amosaremos as obras doutros artistas que tamén pintaron paisaxes abstractas e invitaremos ó alumnado a que faga a súa propia paisaxe abstracta mirando unha fotografía de Lugo e outra de Chantada. Experimentaremos con música, luces e olores para a inspiración.

Nivel educativo: E. Primario.

»No selfie. Mirarse nun retrato

Que recolle un retrato? Que mira o artista para contar a unha persoa co seu pincel? Que nos conta da persoa? E da personaxe? Neste obradoiro conversaremos sobre os retratos na obra de Manuel Jorge, veremos outros da historia da arte e pediremos o alumnado que pinte un retrato sobre un personaxe

ao que deberán proporcionar unha historia antes, traballando tanto o relato como a súa transformación plástica.

Nivel educativo: E. Primario.

Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo

(34) 982 242 300 / 982 242 112

guias@museolugo.org

redemuseisticalugo.org



DEPUTACIÓN
DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO